



CIRCULAR INFORMATIVA 13-09-2016

Estimados pais/nais/tutores/as:

Queremos darles a coñecer aspectos relativos á organización e funcionamento:

HORARIO DE SECRETARÍA: días lectivos de 09:15 a 14:15 h.

ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO.

Para evitar situacions de perigo, utilicen as beirarrúas. A estrada é só para o uso de vehículos autorizados (transporte escolar e persoal do centro).

Tamén queremos lembrarlles que soamente nas xornadas de portas abertas - se informará das mesmas - os pais/nais poden acceder aos corredores e ás aulas. Para calquera consulta deben dirixirse á secretaría.

Coa intención de aumentar a responsabilidade dos nenos/as, pregamos abstéñanse de traer á secretaría bocadillo, tenis, libretas... Os rapaces/as son os que teñen que levalos na súa mochila.

Está restrinxida a entrada de vehículos ao centro, só pode acceder aos aparcadoiros de abaixo e de arriba o persoal autorizado. Coincidindo coas entradas e saídas está aberta a porta que comunica cos pavillóns onde sí hai aparcadoiro público.

Horario de apertura e peche da porta peonil:

- Pola mañá de 8:00 a 9:25 h. ▪ Pola tarde de 13:55 a 18:15 h.

Pasados 10 minutos da hora de entrada (09:25h.), os alumnos/as co familiar, dirixiranse á secretaría desde onde irán ás súas respectivas aulas. Os tutores/as rexistrarán o retraso e recollerán o correspondente xustificante.

Recomendamos, na medida do posible, que recollan aos alumnos/as coincidindo cos cambios de clase. O horario das sesións está exposto no taboieiro da entrada.

COMEDOR ESCOLAR, AULA MATINAL E AULA DE TARDE funcionan desde o primeiro día de clase e son xestionados pola ANPA.

ACTIVIDADES DA TARDE:

Poderán anotar aos seus fillos/as ás actividades segundo a circular da ANPA. Tamén poden facerse socios.

BIBLIOTECA.

Inauguración na última semana deste mes.

A actividade de biblioteca pola tarde será a partir de outubro de 2016, en horario de 16:00 a 18:00 h. A biblioteca é lugar de lectura, estudo e consulta para toda a comunidade educativa. Os alumnos/as menores de 6 años que desexen permanecer na mesma deben estar acompañados por un familiar.

AVISOS:

Seguimos sendo punto de recollida de tapóns.

Se algunha familia non recolleu o vale para axuda de material, solicitado o curso pasado, pode pasar por secretaría.

Lembramos que non está permitido o uso de móbiles ao alumnado.

Próximamente realizaremos unha recollida de roupa usada para dúas ONG.

Un saúdo e bo curso para todas e todos.